Tendo o carné da nosa Biblioteca, todas son ventaxas:

- Poderás levar prestados os fondos dos que dispomos: libros, CDs e DVDs
- Poderás empregar os nosos ordenadores para facer os teus traballos ou buscar información en Internet.
- Poderás consultar en Internet os fondos dos que dispomos e efectuar reservas.
- Poderás consultar GRATIS varias enciclopedias on-line que están na Rede e ás que só accederás coa clave que che proporciona o teu carné.

SOLICÍTAO XA!

Estar sentado tranquilamente baixo a luz dunha lámpada cun libro aberto nas mans, e manter por medio da lectura unha íntima conversa con persoas doutras xeracións, é un pracer que traspasa os límites do imaxinable.

Elizabeth Barrett Browning



Devant certains livres, on se demande: qui est-ce qui les lira? Et devant certaines personnes on se demande: qu'est-ce que elles liront? Et à la fin, livres et personnes se rencontrent...

André Gide

Cada vez que un libro cambia de manos, cada vez que alguien desliza la mirada por sus páginas, su espíritu crece y se hace fuerte.

Carlos Ruiz Zafón

We don't need to be told is correct and what is wrong: what we need is books, time and silence.

Philip Pullman

GUÍA DE USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR

ies de oroso

QUÉ SERVIZOS ME OFRECE A BIBLIOTECA?

- Ler, estudiar, buscar información, consultar libros e revistas. Temos que facelo sen molestar a ninguén e polo tanto hai que manter silencio.
- Levar prestados libros, CDs ou DVDs que poidan serche de utilidade ou que che interesen.

QUE COMPORTAMENTO DEBO TER?

- Igual que no resto das dependencias do instituto, temos que comportarnos de acordo coas *Normas de Convivencia* e tratar aos demais con respecto.
- A Biblioteca é un lugar para ler ou estudiar: temos que facelo sen molestar a ninguén e polo tanto hai que manter silencio.
- Mentres esteamos na Biblioteca, podemos consultar libros, xornais, revistas, CDs, DVDs, etc. Pero cando rematemos, debemos deixalo todo no seu lugar:
  - Os libros, CDs e DVDs na zona de xestión: na mesa do/a profesor/a.
  - As revistas no revisteiro correspondente.
  - Os xornais ben colocados sobre a mesa na que estaban.
- E cando decidas marchar, recorda: deixa as cadeiras no seu lugar, as revistas e os xornais ben colocados, usa as papeleiras cando teñas que tirar algo, non pintes nas mesas... e se o que queres é merendar, busca outro lugar máis apropiado.



CÓMO FUNCIONAN OS PRÉSTAMOS?

- Para solicitarmos un préstamo, debemos dirixirnos ao/á profesor/a que estea na zona de xestión:
  - Indicarémoslle o título ou o autor do libro que queremos levar.
  - Presentarémoslle o noso carné de lector/a.
- Para os préstamos a domicilio seguiremos as seguintes indicacións:
  - Os libros préstanse por 10 días, que poden ser renovables noutros 10.
  - Os libros de lectura obrigatoria tamén se prestan por 10 días e só se poderán renovar se non hai lista de espera.
  - Os CDs e DVDs só se prestan de venres a luns.
- Ten en conta tamén:
  - Como é natural, deberás coidar o material e devolvelo en bo estado.
  - Hai material que non se presta a domicilio e só pode ser consultado na sala: revistas, dicionarios, enciclopedias, atlas...

E SE DEVOLVO UN PRÉSTAMO FÓRA DE PRAZO?

Pasados 30 días desde a data na que tiñas que devolver o libro, deberás repoñelo ou aboar o seu importe.

COMO PODEMOS UTILIZAR OS ORDENADORES?

- Para poder utilizar un ordenador, deberemos:
  - Apuntarnos nunha folla que estará exposta con esa finalidade, cumprimentando todos os seus apartados. Isto evitará:
    - Evitar que sexan usados sempre polas mesmas persoas.
    - Darlle preferencia aos usuarios que os necesiten para realizar traballos ou buscar información.
  - Presentar o noso carné de lector/a.
- Só poderá haber dúas persoas por cada ordenador, unha sentada e outra de pé, e por suposto sen facer ruído.
- Podemos empregar os ordenadores para: facer os nosos traballos, consultar enciclopedias on-line, buscar información na Rede, ver o teu correo electrónico, xogar a xogos educativos... Pero **nunca** para: chatear, enviar spam, facer intercambios en redes P2P, acceder a xogos de rol ou de temática violenta, xenófoba ou con contido para adultos.